

### Exposición "Mulleres. Espello de Culturas"

11/02/2010

A Fundación "La Caixa", en colaboración co Concello da Coruña, organiza esta exposición itinerante.

A exposición presenta unha viaxe etnográfica e emotiva para coñecer outras 7 culturas distintas de África, Asia e América amazónica e septentrional. Con 135 obxectos que amosan a vida das súas antigas propietarias. A exposición estará ubicada no Palacio Municipal de Exposicións Kiosko Alfonso nos Xardíns de Méndez Núñez. Será do 3 de febreiro ó 4 de abril de 2010. Máis información no teléfono 981 189898

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

### XIV Certame de Poesía Francisco Añón

11/02/2010

Bases:

**PRIMEIRA:** Poderán participar tódalas persoas interesadas, de calquera nacionalidade que presenten os orixinais escritos en Lingua Galega. Os textos presentados deberán ser inéditos.

**SEGUNDA:** Establécense as seguintes categorías e premios, por idade que se contabilizarán ata o trece de abril, data de remate de entrega dos traballos:

- Categoría A: Nenos/as de 6 a 7 anos. Premios: 1º Clasificado: vale de 90 € en libros e publicación da obra galardoada. Accésit: Publicación da obra galardoada.
- Categoría B: Nenos/as de 8 a 9 anos. Premios: 1º Clasificado: vale de 120 € en libros e publicación da obra galardoada. Accésit: Publicación da obra galardoada.
- Categoría C: Nenos/as de 10 a 11 anos. Premios: 1º Clasificado: vale de 150 € en libros e publicación da obra galardoada. Accésit: Publicación da obra galardoada.
- Categoría D: Nenos/as de 12 a 14 anos. Premios: 1º Clasificado: vale de 180 € en libros e publicación da obra galardoada. Accésit: Publicación da obra galardoada.
- Categoría E: Mozos e mozas de 15 a 17 anos. Premios: 1º Clasificado: vale de 230 € a canxear en libros e publicación do poemario. Accésit: Publicación da obra galardoada.
- Categoría F: Maiores de 18 anos. Premios: 1º Clasificado: cheque por valor de 1000 € e publicación da obra. Accésit: Publicación da obra seleccionada.

**TERCEIRA:** Para as categorías E e F, as obras terán unha extensión mínima de 150 versos.

**CUARTA:** Os traballos presentaranse en sobre pechado, orixinal e cinco copias, figurando no seu exterior a mención "XIV Certame Francisco Añón de Poesía". No seu interior achegarase un sobre pequeno, tamén pechado, figurando no exterior o título da obra, a categoría na que participa e o lema ou pseudónimo do autor; e no interior os datos persoais (nome, idade, enderezo, teléfono de contacto, centro de estudos, título da obra e lema ou pseudónimo) e fotocopia do D.N.I. Estes traballos recolleranse nas oficinas do 1º andar da Casa da Cultura. Avda. de San Campio s/n 15230 Outes (A Coruña) Tamén poden enviarse por correo ao devandito enderezo.

**QUINTA:** O prazo de presentación rematará o luns 13 de abril de 2010.

**SEXTA:** O xurado, que se dará a coñecer oportunamente, será nomeado polo Excmo. Concello de Outes. O día 17 de maio de 2010, dentro dos actos conmemorativos do Día das Letras, darase a coñecer a decisión do xurado nun acto público no que, ademais de facer a entrega ás persoas premiadas, celebrarase a presentación do libro "XIII Certame Francisco Añón de poesía, 2009".

SÉTIMA: Aqueles orixinais non premiados seán devoltos nun prazo de tres meses, previa solicitude por escrito. Transcorrido o dito prazo, os poemarios serán destruídos.

OITAVA: A decisión do xurado será inapelable. A participación no presente certame implica a aceptación das anteriores bases.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate/enviatuasobras>

## 19º Certame Narracións Breves Manuel Murguía

12/02/2010

O Concello de Arteixo (A Coruña), para contribuir ó desenvolvemento da narrativa galega e honrar ó noso Patriarca, convoca con carácter anual o Premio Manuel Murguía coas seguintes bases:

1. Poderán concorrer tódolos autores que o desexen con unha única obra, de temática libre e escrita en lingua galega.
2. Os relatos deben ser orixinais e inéditos, dunha extensión non inferior ós 15 folios nin superior ós 30, escritos con letra 12 e en tamaño DIN A4.
3. Os traballos presentaranse por cuatriplicado, mecanografados a duplo espazo, por unha soa cara e só co título da obra e un lema.
4. Establécese un único premio dotado con 3665, 00 euros.
5. As obras deben enviarse facendo constar no sobre 19º Certame Manuel Murguía de Narracións Breves, antes do 01 de marzo de 2010 ó seguinte enderezo:  
Concello de Arteixo. Praza Alcalde R. Dopico, nº 1. 15142 Arteixo. A Coruña.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

## 4º Premio Meiga Moira de Literatura Infantil e Xuvenil 2010

12/02/2010

Baía Edicións convoca o premio de creación literaria infantil-xuvenil, que se rexerá polas seguintes bases:

- 1º. Poderán concorrer ao premio todas as autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten os orixinais escritos en lingua galega (de conformidade coas Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego aprobadas pola RAG) de obras de creación literaria dirixidas a nenas e nenos de 8 a 16 anos. As obras deberán ser inéditas e non premiadas.
- 2º. Con cada orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, xuntarse, en sobre pechado, o nome completo, enderezo, teléfono e correo electrónico da autoría, así como o título da obra e grupo de idade ao que vai dirixida (8 a 12 anos ou 12 a 16), indicando no mesmo: Premio Meiga Moira 2010.
- 3º. O premio, que poderá quedar deserto, considerará un único galardón, ao que se lle asigna unha dotación económica de 2.500 euros.
- 4º. O orixinal, escrito en letra Times, corpo 12 e a dobre espazo, enviarase xunto con cinco copias debidamente encadernadas a: BAÍA EDICIÓNS  
Polígono Pocomaco, 2ª Avda.  
Parcela G-18, Nave Posterior. 15190 A Coruña.  
O prazo de recepción de orixinais remata o 17 de Maio de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

## XI Premio de Relatos Curtos e Contos Xaquina Trillo

12/02/2010

A Fundación Amigos de Galicia, coa colaboración do Concello de Vilagarcía de Arousa, e o patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pertencente á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, convoca o XI Premio de Relatos Curtos e Contos "Xaquina Trillo" para escolares, co dobre obxectivo de fomentar a creación literaria entre os nenos e mozos, e o uso do galego.

Poderán participar todos os escolares galegos ata 18 anos, dentro de dúas categorías (categoría A, ata 12 anos, e categoría B, entre 13 e 18 anos).

Os contos serán de tema libre, debendo ter na Categoría A unha extensión mínima de cinco folios, e de dez na Categoría B. En ámbolos dous casos, deberán presentarse dúas copias mecanografiadas, a dobre espazo.

Os contos serán enviados polo seu autor ou polo Colexio/Instituto no que estude.

Establécense os seguintes premios:

CATEGORÍA A\*: contos escritos por nenos de ata 12 anos.

1º Premio 200€ e 20 libros.

2º Premio 150€ e 20 libros.

3º Premio 100€ e 20 libros.

4º Premio 75€ e 20 libros.

CATEGORÍA B\*: contos escritos por nenos de entre 13 e 18 anos.

1º Premio 200€ e 20 libros.

2º Premio 150€ e 20 libros.

3º Premio 100€ e 20 libros.

4º Premio 75€ e 20 libros.

O lugar de presentación é a sede da Fundación Amigos de Galicia en Rúa Fontecarmoa, nº 63 \_baixo, 36600 de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), ou por correo electrónico: [informacion@fundacionamigosdegalicia.org](mailto:informacion@fundacionamigosdegalicia.org), e a data límite de presentación será o 30 de abril de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

### III Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu

15/02/2010

**Abriuse o prazo de inscrición para a 3ª edición do Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu, cuxo período de recepción de obras estenderase ata o 15 de xuño.**

**O festival celebrárase dende o 6 ó 11 de setembro.**

A participación está aberta a todas as obras realizadas a partir do 1 de xaneiro do 2007, podendo concorrer creadores de calquera nacionalidade.

Poderán presentarse obras de calquera xénero, exceptuando o documental, a causa da imposibilidade de facer unha valoración competitiva coa ficción.

As obras terán unha duración máxima de 30 minutos. Aquelas cuxo idioma non sexa o galego ou o castelán deberán estar subtituladas a algún deles.

A película poderá estar rodada en calquera formato, sendo a única esixencia o posuír unha copia en DVD para a súa proxección.

Cada participante poderá presentar tantas obras como desexe.

Non serán admitidas as curtametraxes que se presentaron en edicións anteriores.

**Inscrición e desenvolvemento do festival**

As obras poderanse enviar dende o 1 de febreiro ata o 15 de xuño de 2010. As que estean fechadas con posterioridade non serán aceptadas.

De entre todas as curtametraxes recibidas serán seleccionadas 25, as cales serán anunciadas a través da web do festival o 15 de xullo.

A cada unha das obras seleccionadas comunicáraselle a súa participación vía e-mail. A través deste tamén se lle solicitarán os datos e o material gráfico necesarios para o desenvolvemento do festival. Este terá que ser enviado antes do 20 de xullo.

**Celebración do festival:**

Proxectaranse 5 curtametraxes cada día do 6 ó 10 de setembro.

O sábado 11 de setembro farase a entrega de premios e volveranse proxectar as curtametraxes premiadas. Trala gala celebrárase unha festa de clausura

**Premios**

O xurado estará composto por cinco membros relacionados co ámbito da cultura e do audiovisual, e serán eles os que outorguen os distintos premios, a excepción do premio do público.

Estableceranse as seguintes categorías:

- Primeiro curtametraxe: 2.000 € e trofeo.
- Segundo premio: 1.000 € e trofeo.
- Premio do público: 500 € e trofeo.
- Mellor curtametraxe galega: 500 € e trofeo.
- Mellor director: Diploma.
- Mellor guión: Diploma.
- Mellor actriz: Diploma.
- Mellor actor: Diploma.
- Mellor fotografía: Diploma.
- Mellor dirección artística: Diploma.
- Mellor vestuario: Diploma.
- Mellor maquillaxe/perruquería: Diploma.
- Mellor son: Diploma.
- Mellor montaxe: Diploma.
- Mellor música: Diploma.

Máis información en <http://www.ficbueu.com/GL.html>

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate>

## Emprego

### Axente de Seguros

09/02/2010

CAHISPA Grupo Asegurador, necesita incorporar tres axentes de seguros para Santiago de Compostela. Se incorporarán ó equipo de Dirección Comercial da provincia asumindo as tarefas de axentes de seguros exclusivos. Levando a carteira de clientes.

se require:

1. dotes comerciais.
2. idade entre 25 e 50 anos.
3. residencia na provincia.
4. experiencia de dous anos como axente de seguros.

Ofrecemos un contrato mercantil con un sistema de retribucións de fixo + comisións.

Formación continuada a cargo da empresa.

Xornada completa.

infojobs.net

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

### Comercial

09/02/2010

Promocións Fondena empresa do sector da enerxía (luz e gas) necesita incorporar comerciais para as súas sedes de Santiago e A Coruña.

se require:

1. nivel de estudos non requerido.
2. experiencia de alomenos un ano en vendas. Boa presenza.
3. residencia na localidade ou seus aledaños.

Contrato indefinido e xornada completa.

infojobs.net

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## Comercial-Administrativa

09/02/2010

Proyectos y Seguros, SA. correduría de seguros líder nacional na venda de seguros de particulares necesita incorporar un asesor ó cliente para a súa oficina de Santiago de Compostela.

se require:

1. estudos de ESO.
  2. experiencia de alomenos un ano.
  3. residencia en provincia do posto vacante.
  4. habilidades sociais e gusto polo trato cos clientes.
- Xornada completa e salario entre 12.000 e 15.000 euros o ano.  
infojobs.net

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## Consultor en xestión de clientes

09/02/2010

Santos necesita incorporar un comercial con experiencia en consultoría para departamento Comercial Nacional. Traballará na xestión dos puntos de venda e a súa implantación na rede de distribución. Responsable das técnicas de marketing e distribución.

se require:

1. se licenciado ou diplomado universitario.
  2. residencia en provincia do posto vacante. (Santiago de Compostela).
  3. experiencia de alomenos tres anos.
  4. dominio de inglés e ofimática.
  5. entre 29 e 35 anos de idade.
- Contrato de duración determinada: 6+6+ indefinido.  
Salario entre 24.000 e 27.000 euros brutos ano, salario variable + fixo.  
infojobs.net

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## Ofertas de Empleo Privado

09/02/2010

**Oferta Nº 974192 Localidade: Ames Posto ofertado: Aprendiz de dependente/a**

Precísase persoal entre 18 e 20 anos para realizar tarefas de atención de clientes, venda e limpeza dunha zapataría. Traballo a xornada completa, a través de un contrato de formación.

**Oferta Nº 974187 Localidade: A Coruña Posto ofertado: Teleoperador/a**

Empresa de formación precisa persoal para realizar atención telefónica. Imprescindible facilidade de comunicación. Traballo a xornada completa no que ofrecen formación por conta da empresa e salario fixo mais comisións.

**Oferta Nº 974177 Localidade: Lugo Posto ofertado: Comercial (Cursos de Formación)**

Precísase persoal para realizar visitas ás empresas ofertando cursos de formación gratuítos para os traballadores e protección de datos ás empresas. Valoran experiencia no posto. Necesario carné B, ofrecen contrato laboral mais comisións. Traballo a xornada completa.

**Oferta Nº 974170 Localidade: Lugo Posto ofertado: Executivo/a comercial (Sector Seguros)**

Visitará empresas ofrecendo os servizos dunha correduría de seguros. Imprescindible experiencia mínima dun ano como comercial do sector nos últimos dous anos, carné B e vehículo propio, así como ter entre 30 e 45 anos. Necesaria titulación relacionada coa rama de Administración ou coa de Comercio e Marketing. Ofrecen contrato de seis meses a xornada completa con posibilidade de ampliación.

**Oferta Nº 974194 Localidade: Vilamarín Posto ofertado: Chapista de automóviles**

Taller mecánico precisa incorporar persoal con experiencia no posto de un ano como mínimo. Necesario medio de transporte para chegar ao lugar de traballo e dispoñibilidade para incorporarse de xeito inmediato. Xornada a convir.

**Oferta Nº 974168 Localidade: Vigo Posto ofertado: Cocinheiro/a**

Precísase persoal para realizar tarefas de preparación de pratos e reparto de alimentos. Necesarias aptitudes comerciais xa que visitará a clientes xa existentes e captará novos clientes. Imprescindible carné B, traballo a xornada completa de luns a venres.

Informa: teléfono: 902 116 039.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emplegoprivado>

## Comercial Emprendedor

10/02/2010

**Catalana Occidente necesita cubrir tres vacantes de comerciais para futuros xerentes de oficina previa formación no sector financeiro-asegurador.**

Para a área de Vigo e sur da provincia de Pontevedra.

se require:

1. nivel de estudos BUP/COU.
2. experiencia indiferente.
3. residencia en provincia do posto vacante.
4. de 25 a 55 anos de idade.

Tipo de contrato autónomo.

Salario mínimo entre 20.000 e 25.000 euros ó ano.

Xornada laboral completa.

galiciaempleo.net

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## Docente Programador

10/02/2010

PC Carrier necesita seleccionar un docente programador para A Coruña.

serán requisitos:

1. estudos de enxeñeiro técnico.
2. experiencia entre un e dous anos.
3. residencia en localidade do posto vacante.

Contrato por obra e servizo.

Xornada laboral de fins de semana.

galiciaempleo.net

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## Enxeñeiros Técnicos Comerciais

10/02/2010

Unex aparelaxe eléctrico, s.l. necesita dous enxeñeiros técnicos comerciais para a comarca de Vigo e A Coruña, encargaranse de asesorar a grandes propiedades, prescriptores e usuarios sobre o produto (materiales, normativa, seguridade, etc) e as súas aplicacións.

se require:

1. nivel de estudos de enxeñeiro técnico.
  2. non é necesaria experiencia.
  3. residencia na provincia do posto vacante.
  4. capacidade de organización e traballo en equipo.
  5. permiso de conducción e poder desprazarse diariamente pola súa área.
- contrato laboral con soldo fixo a convenir.

Vehículo e gastos de desprazamento a cargo da empresa.

galiciaempleo.net

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

Concurso para cubrir unha praz de duración determinada mediante contarto de obra o servizo.

1 Licenciado en Física

proxecto Alexandria: Desenvolvemento de técnicas e metodoloxías de inspección de danos e metroloxía dimensional de nova xeración para os sectores aeronáuticos, ferroviarios,naval e eólico, para o laboratorio oficial de Metroloxía de Galicia

Prazo de presentación: 20 de febreiro 2010

Máis información: [www.fundacioncalidade.org](http://www.fundacioncalidade.org)

Tel: 988368124

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico>

## **SUBVENCÍONS PARA REALIZACIÓN DE MATERIAL DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DURANTE O ANO 2010.**

11/02/2010

O.A.L.Turismo Rías Baixas convoca subvencións para 2010: Constitúe obxecto das presentes bases definir as condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións para a confección actualizada de material de información turística en forma de folletos, guías, mapas, carteis, posters, etc., durante o ano 2010.

Poderán solicitar estas subvencións aqueles

Concellos, Organismos Autónomos Locais, mancomunidades de municipios e entidades sen ánimo de lucro da provincia Pontevedra que realicen actividades relacionadas co turismo, debendo estas últimas estar inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT) e estar ó corrente das obrigas coa Deputación de Pontevedra e o O.A.L.

O material subvencionado deberá utilizar a toponimia oficial e empregar a lingua galega normativa.

A subvención non excederá de cinco mil (5.000,00) euros por entidade solicitante.

As axudas serán compatibles con outras axudas ou subvencións concedidas por outras entidades para a mesma finalidade, pero en ningún caso o volume das mesmas poderá superar o 100% do custo real da mesma.

As solicitudes presentaranse no Rexistro do

O.A.L. Turismo Rías Baixas, de luns a venres en

horario de 09:00 a 13:00 horas, durante 30 días naturais á contar dende o día seguinte a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da

Provincia de Pontevedra.

Máis información: Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP),núm.28 do xoves 11 de febreiro de 2010. [www.depontevedra.es](http://www.depontevedra.es)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## **Convocadas prazas de persoal laboral temporal para técnicos en prácticas.**

11/02/2010

A Comisión Nacional do Mercado de Valores, convoca 10 prazas de persoal laboral temporal para licenciados.

Entre os requisitos , non deber transcurrir máis de 4 anos desde a finalización dos estudos.

O contrato será de prácticas.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 28 de febreiro de 2010.

Máis información [www.cnmv.es](http://www.cnmv.es)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico>

## **Convocadas prazas de Subalterno.**

11/02/2010

O Concello de Palma (Illas Baleares), convoca 5 prazas de subalterno por oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 9 de febreiro de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico>

## **Corrección de erros 4 prazas de Auxiliar Administrativo no Concello de Baiona (Pontevedra)**

11/02/2010

Por corrección de erros ,amplíase o prazo de 4 prazas de auxiliar administrativo no Concello de Baiona.

O prazo amplíase en 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 9 de febreiro de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

**CONVOCATORIA E BASES PARA A SELECCIÓN  
DUN/DUNHA MÉDICO/A ESPECIALISTA EN PSIQUIATRÍA OU CON FORMACIÓN TEÓRICO-PRÁCTICA EN SAÚDE MENTAL,  
PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN AUTONÓMICO SOBRE DRODEPENDENCIAS NA UNIDADE ASISTENCIAL DE  
DROGODEPENDENCIAS DO PORRIÑO.**

Para poder participar e seren admitidos/as ao proceso selectivo e á realización das probas do mesmo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Ter nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, coas limitacións que fixa este.

2. Ter cumpridos 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa (65 anos).

3. Estar colexiado como médico/a.

4. Ademais do esixido no apartado anterior o/a médico/a deberá contar coa especialidade en psiquiatría, e para o caso de non ter esta, deberá posuír formación teórico-práctica en saúde mental.

A solicitude e demais documentación requirida dirixirase ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello do Porriño e presentarse no Rexistro Xeral deste

Concello en horario de 9:00 a 14:00 horas, no prazo de dez días, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

Máis información: Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), núm. 28 do xoves 11 de febreiro de 2010. [www.depontevedra.es](http://www.depontevedra.es)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

**Ofertas do Servizo Público de Emprego**

11/02/2010

Nº Oferta: 12/2010/384

- Data: 12/02/10

- Posto ofertado: DEPENDENTE DE MOBLES E ARTIGOS DE DECORACIÓN

- Localidade: CORISTANCO (A CORUÑA)

REQUISITOS

NECESÍTASE DEPENDENTE DE MOBLE E ARTIGOS DE DECORACIÓN. NECESARIA EXPERIENCIA EN DESEÑO DE INTERIORES

Nº Oferta: 12/2010/561

- Data: 12/02/10

- Posto ofertado: EMPREGADO/A ADMINISTRATIVO, EN XERAL

- Localidade: VILANOVA DE AROUSA (PONTEVEDRA)

REQUISITOS

NECESÍTASE EMPREGADO/A ADMINISTRATIVO PARA TRABALLAR EN VILANOVA DE AROUSA

Nº Oferta: 12/2010/709

- Data: 12/02/10

- Posto ofertado: EMPREGADO/A DE FOGAR

- Localidade: TEO (A CORUÑA)

REQUISITOS

**NECESITASE EMPREGADO/A DE FOGAR INTERNA, PARA A ZONA DE TEO**

**Nº Oferta: 12/2010/887**

**- Data: 12/02/10**

**- Posto ofertado: ALBANEL**

**- Localidade: CORUÑA, A**

**REQUISITOS**

**Necesítase albanel con coñecementos de fontanaría, colocación de tarima, baldosas, etc..., para empresa de reformas en A Coruña. Experiencia mínima en posto similar de 6 meses.**

**Nº Oferta: 12/2010/1020**

**- Data: 05/02/10**

**- Posto ofertado: FISIOTERAPEUTA, EN XERAL**

**- Localidade: CARBALLIÑO, O (OURENSE)**

**REQUISITOS**

**NECESÍTASE FISIOTERAPEUTA CON EXPERIENCIA. IMPRESCINDIBLE DIPLOMATURA EN FISIOTERAPIA.**

**Nº Oferta: 12/2010/1031**

**- Data: 12/02/10**

**- Posto ofertado: TÉCNICO/A EN FRÍO INDUSTRIAL**

**- Localidade: CULLEREDO (A CORUÑA)**

**REQUISITOS**

**NECESÍTASE TÉCNICO/A EN FRIO INDUSTRIAL CON FORMACIÓN EN FPII E UN ANO DE EXPERIENCIA. DISPOÑIBILIDADE PARA VIAXAR.**

**Nº Oferta: 12/2010/1035**

**- Data: 12/02/10**

**- Posto ofertado: SOLDADOR/A POR ARCO ELÉCTRICO, EN XERAL**

**- Localidade: RAMIRAS (OURENSE)**

**REQUISITOS**

**NECESÍTASE SOLDADOR/A POR ARCO ELÉCTRICO. EXPERIENCIA DE DOUS ANOS. CARNÉ DE CONDUCIR E VEHÍCULO PROPIO.**

**Nº Oferta: 12/2010/1116**

**- Data: 12/02/10**

**- Posto ofertado: AXENTE COMERCIAL**

**- Localidade: OURENSE**

**REQUISITOS**

**NECESÍTASE AXENTE COMERCIALO PARA OURENSE**

**Nº Oferta: 12/2010/1117**

**- Data: 12/02/10**

**- Posto ofertado: EMPREGADO/A ADMINISTRATIVO, EN XERAL**

**- Localidade: VIGO (PONTEVEDRA)**

**REQUISITOS**

**NECESÍTSE EMPREGADO/A ADMINISTRATIVO.**

**Nº Oferta: 12/2010/1147**

**- Data: 12/02/10**

**- Posto ofertado: CAMAREIRO/A, EN XERAL**

**- Localidade: CORUÑA, A**

**REQUISITOS**

**NECESÍTASE CAMAREIRO/A .**

**Nº Oferta: 12/2010/1148**

**- Data: 12/02/10**

**- Posto ofertado: COCIÑEIRO/A, EN XERAL**

**- Localidade: CORUÑA, A**

**REQUISITOS**

**NECESÍTASE COCIÑEIRO/A CON EXPERIENCIA PARA TRABALLAR NA CORUÑA.**

**Nº Oferta: 12/2010/1164**

**- Data: 12/02/10**

**- Posto ofertado: ALBANEL**

**- Localidade: NOGUEIRA DE RAMUIN (OURENSE)**

**REQUISITOS**

**NECESÍTASE ALBANEL. EXPERIENCIA MÍNIMA DE TRES ANOS. CARNÉ DE CONDUCIR E MEDIO DE TRANSPORTE.**

**Nº Oferta: 12/2010/1174**

**- Data: 12/02/10**

**- Posto ofertado: CAMAREIRO/A DE BARRA E/OU DEPENDENTE DE CAFETARÍA**

**- Localidade: OURENSE**

**REQUISITOS**

NECESÍTASE CAMAREIRO/A CON EXPERIENCIA.

Nº Oferta: 12/2010/1208

Data: 12/02/10

- Posto ofertado: PROFESOR/A DE CLASES DE BAILE DE SALÓN

- Localidade: MELIDE (A CORUÑA)

REQUISITOS

NECESÍTASE PROFESOR/A DE BAILES DE SALÓN.

Nº Oferta: 12/2010/1227

- Data: 12/02/10

- Posto ofertado: PERRUQUEIRO/A UNISEX

- Localidade: BOQUEIXON (A CORUÑA)

REQUISITOS

NECESÍTASE PERRUQUEIRO/A UNISEX PARA TRABALLAR NA ZONA DE BOQUEIXÓN

Nº Oferta: 12/2010/1231

- Data: 12/02/10

- Posto ofertado: CARPINTEIRO/A-EBANISTA ARTESÁN

- Localidade: SAN CIBRAO DAS VIÑAS (OURENSE)

REQUISITOS

NECESÍTASE CARPINTEIRO/A-EBANÍSTA ARTESÁN, OFICIAL DE PRIMEIRA DE CARPINTERÍA DA MADEIRA

Nº Oferta: 12/2010/1235

- Data: 12/02/10

- Posto ofertado: AXENTE COMERCIAL

- Localidade: SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

REQUISITOS

NECESITASE COMERCIAL CON EXPERIENCIA PARA TRABALLAR NA ZONA DE SANTIAGO

Nº Oferta: 12/2010/1238

- Data: 12/02/10

- Posto ofertado: DEPENDENTE DE PANADARÍA, PASTELARÍA E CONFEITARÍA

- Localidade: PADRON (A CORUÑA)

REQUISITOS

NECESITASE AXUDANTE DE PANADERIA PARA PADRON

Nº Oferta: 12/2010/1262

- Data: 12/02/10

- Posto ofertado: PODADOR E/OU MOTOSERRISTA FORESTAL

- Localidade: OURENSE

REQUISITOS

NECESÍTASE PODADOR/A E/OU MOTOSERRISTA FORESTAL.

Nº Oferta: 12/2010/1314

- Data: 12/02/10

- Posto ofertado: ENXEÑEIRO INFORMÁTICO

- Localidade: OURENSE

REQUISITOS

NECESÍTASE ENXEÑEIRO/A INFORMÁTICA.

Informa: Teléfono:L 902 125 000.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## Quiromasaxista e esteticista

11/02/2010

ALLIANCE ATOCHA (MADRID SUR) precisa seleccionar catro quiromasaxistas e esteticistas para Santiago de Compostela.

se require:

1. estudos mínimos non requeridos.
2. experiencia de alomenos un ano.

Xornada completa e salario aprox. de 15.000 euros brutos/ano.

infojobs.net

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## Xuíz de Paz en Cedeira

11/02/2010

O Concello de Cedeira fai unha convocatoria pública para cubrir a vacante de Xuíz de Paz titular.

Requisitos: non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade, incompatibilidade ou prohibición prevista nos artigos 303 e 389 a 397 da Lei Orgánica 6/1985, do Poder Xudicial.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 12 de marzo de 2010.

Máis información no BOP da Coruña do 11 de febreiro de 2010 e na Omix de Cedeira, teléfono 981 482 633

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## Arquitectos para o Consorcio de Santiago

12/02/2010

O Consorcio de Santiago fai unha convocatoria para a provisión de dúas prazas de arquitectos, e dunha praza de arquitecto técnico, mediante modalidade de contrato de prácticas.

Requisitos: estar en posesión do título de Arquitecto.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 3 de marzo de 2010.

Máis información no BOP de Coruña do 11 de febreiro de 2010 e en [www.consorcio-santiago.org](http://www.consorcio-santiago.org)

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## **Auxiliares de axuda a domicilio para o Concello de Entrimo**

12/02/2010

O Concello de Entrimo fai unha convocatoria pública para a contratación de dúas prazas de auxiliares de axuda a domicilio.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 18 de febreiro de 2010.

Máis información no BOP de Ourense do 11 de febreiro de 2010 e na Omix de Entrimo, 988 434 666

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## **Convocadas 3 prazas de auxiliar e 3 de administrativo no Concello de Barbadás (Ourense)**

12/02/2010

O Concello de Barbadás (Ourense), convoca 6 prazas de auxiliar administrativo e administrativo, polo sistema de concurso-oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 11 de febreiro de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## **Convocadas 80 prazas de auxiliar administrativo**

12/02/2010

O Concello de Bilbao, convoca 80 prazas de auxiliar administrativo, polo sistema de concurso-oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 11 de febreiro de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## Convocadas prazas de persoal laboral fixo.

12/02/2010

O Concello de Porcuna (Jaén), convoca 12 prazas de persoal laboral fixo, polo sistema de concurso-oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.  
Máis información BOE do 11 de febreiro de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## Electricista para o Concello de Bande

12/02/2010

O Concello de Bande fai unha convocatoria pública para unha contratación laboral temporal dunha praza de electricista.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 16 de febreiro de 2010.  
Máis información no BOP de Ourense do 11 de febreiro de 2010 e na Omix de Bande, teléfono 988 443 001

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## Ofertas de Emprego Privado

12/02/2010

Oferta Nº 974214 Localidade: Santiago de Compostela Posto ofertado: Axente/a de enquisas  
Realizará sondaxes de opinión e enquisas domiciliarias en vivendas da comarca de Santiago. Necesario vehículo propio, dispoñibilidade para incorporarse de forma inmediata e titulación mínima a nivel de Bacharelato. Ofrecen traballo a tempo parcial.

Oferta Nº 974216 Localidade: Lugo Posto ofertado: Axente/a de enquisas  
Realizará sondaxes de opinión e enquisas domiciliarias en vivendas da comarca de Lugo. Necesario vehículo propio, dispoñibilidade para incorporarse de forma inmediata e titulación mínima a nivel de Bacharelato. Ofrecen traballo a tempo parcial.

Oferta Nº 974177 Localidade: Lugo Posto ofertado: Comercial (Cursos de Formación)  
Precísase persoal para realizar visitas ás empresas ofertando cursos de formación gratuítos para os traballadores e protección de datos ás empresas. Valoran experiencia no posto. Necesario carné B, ofrecen contrato laboral mais comisións. Traballo a xornada completa.

Oferta Nº 974226 Localidade: Nogueira de Ramuín Posto ofertado: Peón de construción  
Empresa construtora de obra pública precisa persoal con experiencia no posto para traballar na construción de beirarrúas. Necesario carné B e vehículo propio. Traballo a xornada completa en quenda partida de luns a venres.

Oferta Nº 974201 Localidade: Vigo Posto ofertado: Empregado/a do fogar - interno/a  
Realizará tarefas de coidado de dous nenos de 11 e 8 anos, limpeza do fogar e preparación da comida. Imprescindible carné B para trasladar ós nenos ó colexio, experiencia no posto e ter entre 20 e 45 anos. Fins de semana libres.  
Informa: 902 116 039.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## **Animador cultural para o Concello de A Pobra do Caramiñal**

15/02/2010

O Concello de Pobra do Caramiñal fai unha convocatoria para a provisión, en réxime de contratación laboral, polo sistema de concurso, dun animador cultural.

Requisitos: título de técnico en animación sociocultural, diplomado en educación social, ou no seu defecto admitirase a titulación en maxisterio e outras titulacións universitarias.

O prazo para presentarse estará aberto ata o 20 de febreiro de 2010.

Máis información no BOP da Coruña do 15 de febreiro de 2010

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

## **Auxiliar de Servizo**

15/02/2010

Grupo Eulen precisa para sus clientes de ámbito nacional, persoal para traballar en grandes superficies. Auxiliar de Servizo

Requisitos: EGB, BUP, FPII

Dominio do idioma español

Disponibilidade para traballar de Xornada completa de luns a Domingo en turnos rotativos de mañá e tarde

Lugar de traballo: Grandes superficies no ámbito nacional

Interesados enviar su candidatura a través da páxina web: [www.eulen.com](http://www.eulen.com). Atoparás a oferta en "Auxiliar de Servizos", en Emprego/Ofertas de emprego.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## **Axente Comercial**

15/02/2010

**Empresa fabricante de complementos para muller con 30 anos de consolidada traxectoria mercado e forte expansión, precisa:**

**Axente Comercial para a zona de Ourense e Pontevedra.**

se responsabilizará de nosa carteira de clientes actual e de seu desenvolvemento nas liñas de complementos para muller (panos, echarpes, bufandas, lubas, etc).

se valorará estar introducido en tendas do ramo (accesorios, confección, perfumería) idade de 25 a 55 anos.

Ofrecemos comisión acorde co sector e máxima seriedade.

Enviar CV por fax: 93 253 11 56 ou e-mail:

donatzelli@giseldis.com

Sacado da Voz de Galicia do domingo 14 de febreiro de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

## **Axente Comercial**

15/02/2010

**Empresa líder no sector de agroquímicos busca Axente Comercial para desenvolver seus produtos.**

